



PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DE SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN DA FESTA DO GALO 2018

1.- Extremos regulados nos artigos 116 e 308 da Lei de Contratos.-

Se achega, de conformidade co previsto no artigo 116 e 308 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, a documentación referida, o seguinte,

Primeiro.- O artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, define o contrato administrativo de servizos como aquel tipo de contrato cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.

Partindo da devandita regulación, o presente prego ten como finalidade a contratación dunha persoa física ou xurídica que realice os servizos de organización da Festa do Galo 2018 acordes coas necesidades da entidade contratante, baixo a supervisión do responsable do contrato designado polo órgano de contratación, todo iso para satisfacer a necesidade da Concellaría competente en materia de Cultura e para todo o persoal que traballa no Concello de O Pino.

Segundo.- Para os efectos de consignación orzamentaria, estímase que o valor estimado do contrato referido, de conformidade co previsto no artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, é de 18.000,00 euros, Imposto sobre o Valor Engadido excluído.

Terceiro.- Para os efectos previstos no artigo 308.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, infórmase que, mediante a licitación do contrato que nos ocupa, non se vai instrumentar a contratación de persoal.

Cuarto.- De conformidade co previsto no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, infórmase que a necesidade do presente contrato vén motivada polos motivos expostos no apartado primeiro.

Quinto.- Por último, atendendo ás particularidades da prestación, e en función do réxime de retribución do contratista, na documentación técnica elaborada non se prevé traslado de risco operacional ao contratista, polo que deberá empregarse a figura do contrato administrativo de servizos para tramitar o contrato que nos ocupa.

2. Características técnicas do traballo.-

Os servizos de organización da Festa do Galo 2018 deben incluír:

FEIRA CELTA.

Mercado Celta con artesanía, oficios, decoración de rúas, espectáculos de rúa, recreación vida campamento celta e espazo infantil-



A decoración de rúas será nos seguintes puntos:

- Praza do Concello
- Praza de Forcerey
- Espazo dende a Praza do Concello ata a Praza de Forcarey

Exhibición e mostra de animais vivos (cetrería, ponis, dromedarios, ocas...)

MEDIOS TÉCNICOS E PERSOAIS SUFICIENTES PARA PODER REALIZAR O MERCADO CELTA SEGUNDO AS SEGUINTEES ESPECIFICACIÓNS:

a) Ambientación e decoración

A decoración recreará a época celta (pendones, heráldicas, etc.) donde se valorarán os elementos decorativos propostos para facilitar a seguridade do Mercado Celta

Todo o recorrido que ocupa a recreación do Mercado celta se cubrirá de cor creando un espazo máxico con escudos heráldicos, banderas, telas e imaxes da época.

Integración con medidas concretas do mobiliario urbano na propia paisaxe do mercado, mediante escenografía, atrezzo, fundas e a propia decoración. Creando solucións específicas con telas, ocultando así elementos anacrónicos tales como sinais de tráfico, farolas, papeleras, e outros elementos que distorsionen o rigor histórico.

Todas as persoas que participen en este mercado haberán de ir vestidas con traxes recreados na época celta.

b) Animación

Deberá ser o máis variada posible, axustándose á temática xeral do mercado, así como ás características de programación propia do noso mercado, como en anos anteriores.

A empresa se compromete a presentar un programa detallado de actividades diarias de animación, aportando na proposta a descrición do espectáculo, detalle da súa ubicación, duración, número de pases diarios, público ao que vai dirixido, etc

Deberá presentar dentro do proxecto o conxunto de espectáculos a desenrolar no Mercado Celta, onde se especifiquen mediante fotografías las características técnicas, características das personaxes e elementos artísticos dos grupos ou espectáculos de animación.

SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL. Cobertura ata 300.000,00 euros.

3. Solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.-

Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, que non se atopan culpables nas prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración establecidas no artigo 85 LCSP 2017 e que dispoñan da debida solvencia económica, financeira e técnica, aínda que, tendo en conta da tramitación do presente procedemento ao amparo das previsións



do artigo 159.6 LCSP 2017, eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

Ademais, as empresas adxudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato e dispor dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

As empresas estranxeiras non comunitarias deberán reunir ademais os requisitos establecidos no artigo 68 LCSP 2017.

NOTA:

(De conformidade co previsto no artigo 159.4.a) LCSP 2017, todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 LCSP 2017 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência.

Para ese efecto, a Mesa de Contratación comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incusa en ningunha prohibición para contratar.

No entanto, devandito réxime de inscrición no ROLECSP entrará en vigor o 9 de setembro de 2018, conforme establece a disposición final décimo sexta e disposición Transitoria terceira da LCSP, de forma que, ata que transcorran seis meses da entrada en vigor da LCSP e resulte esixible, por tanto, a obrigaón establecida para o procedemento aberto simplificado na letra a) do apartado 4 do artigo 159, de estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou rexistro equivalente, a acreditación da capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar realizarase na forma establecida con carácter xeral, aínda que se lembra que no procedemento aberto simplificado abreviado pode eximirse ao licitador de acreditar a solvencia económica, financeira, técnica e profesional).

4. Prezo do contrato.-

-IMPORTE TOTAL DO CONTRATO: 18.000,00.-€ + 3.780.-€. (IVE)= 21.780,00.-€

- O detalle dos prezos unitarios máximos de licitación e a desagregación do orzamento de licitación:

- FEIRA CELTA: 13.000,00 euros sen IVE
- CETRERÍA: 5.000,00 euros sen IVE

Para os efectos previstos no artigo 101.1 LCSP 2017, o valor estimado do contrato a realizar ascende á cantidade de 18.000,00 euros, anuais (IVE non incluído), segundo a estimación de cantidades a fornecer detalladas a continuación:



O orzamento total estimado, incluíndo prórrogas, ascende a 18.000,00 euros, (IVE non incluído).

5. Criterios de valoración.-

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a varios criterios de adxudicación en aras de determinar a mellor oferta, entendida como a mellor oferta en base a criterios de calidade-prezo.

Para o cálculo da mellor oferta terase en conta o seguinte:

1º.- Mellor prezo ofertado: Valorarase ata un máximo de 80 puntos sobre o total o mellor prezo ofertado polos licitadores, que será obxecto de valoración por parte dos Servizos Técnicos municipais atendendo á seguinte fórmula matemática:

- O prezo de cada traballo puntuará ata **80 puntos** sobre un total de 100.

- A oferta máis vantaxosa para cada traballo será valorada con 80 puntos e o resto das ofertas serán valoradas mediante unha proporción inversa, de acordo coa seguinte fórmula:

$80 \times \text{oferta máis vantaxosa} / \text{oferta a valorar} = \text{puntuación da oferta.}$

- A efectos de valoración das ofertas terase en conta o importe total de puntos obtidos, adxudicándose a aquel tres que obtivesen unha maior puntuación.

2º.- Melloras ofertadas: Valorarase ata un máximo de **20 puntos** sobre o total as melloras ofertadas polos licitadores, que serán obxecto de valoración por parte dos Servizos Técnicos municipais atendendo á seguinte fórmula matemática e en base aos seguintes requisitos:

Mellora A: Metros adicionais de decorado de rúas

- Por cada 100 m² máis de decorado: 5 puntos ata un máximo de **10 puntos**

A mellora A está vinculada co obxecto do contrato.

- Fórmula matemática de valoración:

$10 \times \text{oferta máis vantaxosa} / \text{oferta a valorar} = \text{puntuación da oferta.}$

Mellora B: Seguro de responsabilidade civil.-

- Ata un máximo de **10 puntos:**

Por cobertura de 300.000 euros ata 600.000 euros: 5 puntos

Por cobertura de 600.000 euros ata 1.000.000 euros: 10 puntos

- A mellora B está vinculada co obxecto do contrato.

- Fórmula matemática de valoración:

$10 \times \text{oferta máis vantaxosa} / \text{oferta a valorar} = \text{puntuación da oferta.}$

A aceptación polo Concello das melloras non levará sobre custo algún respecto da proposición económica da licitadora, resultando gratúitas para a Administración contratante. Non se admitirán melloras non previstas no presente prego.



En ningún caso consideraranse melloras valubles a mera redución do prezo de adxudicación.

6. Prazo de execución.-

O contrato terá un prazo de vixencia de 2 días fixado: 4 e 5 de agosto de 2018 que se establecerá no documento de formalización. O contrato non será susceptible de prórroga.

7. Supervisión do traballo.-

De conformidade co previsto no artigo 62 LCSP 2017, corresponderá ao responsable do contrato supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan.

O responsable do contrato será a Concelleira de Cultura.

O Pino, 19 de xuño de 2018

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Manuel Teófilo Pardo

